



25 de novembro Día Internacional Contra a Violencia de Xénero

CONCELLO
DE VIGO



A MOCIDADE VIGUESA
CONTRA A ESCALA DA
VIOLENCIA DE XÉNERO

Enlaza Vigo é unha iniciativa do Consello Municipal da Muller e da Concellería de Igualdade de Vigo para esixir a todos os poderes públicos e á sociedade en xeral un compromiso real e unha implicación decidida para combater o terrorismo machista.

enlaza
vigo

Proposta 2020
Centros de secundaria
(dende 3º) e módulos FP

Accións no centro (novembro)

Dinámica na aula, Creación de slogans,
Ambientación do centro e/ou Participación en
vídeo colaborativo.

Acción virtual

mércores, 25 de novembro



Concello Municipal
da Muller



Máis información e
seguimento en:
www.enlazavigo.org



www.igualdadevigo.org

ENLAZAVIGO: COMPROMISO POLA EDUCACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Dende 2011, o **Concello de Vigo** organiza un programa de actos co gallo do **25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres**, nos que se propón:

- **Visibilizar diante da sociedade** a violencia que se exerce sobre mulleres e mozas
- **Proporcionarlles aos centros educativos de secundaria de Vigo recursos e actividades** para que aborden esta temática co seu alumnado na aula.
- **Realizar un evento participativo central** en repulsa da violencia de xénero.
- **Elaborar unha exposición colectiva** a partir do traballo do alumnado para difundir entre a cidadanía

Durante todos estes anos ten participado un **promedio anual de 40 centros educativos** na iniciativa, cunha presenza no evento central de entre **1500 e 2000 participantes**.

Neste documento achegámosvos:

- a) **Información e conceptos básicos sobre a violencia de xénero**, así como **recursos para poder traballar a temática desta edición do programa** para alumnado dende 3º de ESO e módulos de FP.
- b) **Propostas de actividades** para que o centro poida participar na **programación municipal EnlazaVigo 2020**. Neste caso cómpre cubrir a **“ficha para a participación”** que se achega.

EnlazaVigo: Premio de “Buenas prácticas contra la violencia de género” 2013 outorgado ao **Concello de Vigo** pola **Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e a Federación Española de Municipios e Provincias**

A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTOS BÁSICOS

A **Violencia de xénero** é todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado sufrimento físico, sexual ou psicolóxico. É a violencia que se dirixe sobre as mulleres e as mozas polo feito mesmo de selo. A violencia non só pode ocorrer nas parellas maiores, senón que pode empezar nas relacións de noivado.

Detente e pensa. A túa relación é de bo trato ...

- Se cada quen ten o seu espazo propio: ti tes amizades, afeccións propias e momentos para facer cousas que che gustan, e el/ela tamén ten os seus.
- Se ten en conta as túas opinións e respecta que penses diferente. Se sodes quen de falar e comunicarvos as cousas porque ningún ten razón sempre.
- Se lle gustas tal e como es, se lle parece ben como vistes e non intenta cambiarte. Porque a túa forma de ser, de vestir, de pensar, e o que queres facer na vida decídelo ti.
- Se entende e respecta que fales con outros mozos e mozas, e non intenta chantaxearte, nin facerte sentir mal para que non saias,... porque tendes confianza mutua.
- Se estás con esa persoa porque queres e non por non estar soa ou só. Porque non é obrigatorio nin ter parella nin buscar unha historia de amor de película.
- Se che di que te quere.... pero ademais demostrácho.

Porque dicir “tq” non é o mesmo que demostralo, e demostralo implica estar aí nos momentos difíciles, intentar arranxar os conflitos, e por suposto pasar bos momentos xunt@s!

Violencia psicolóxica

- . Ignora a túa presenza.
- . Contróláte, vixíate.
- . Merma a túa estima, insultándote, descalificándote, gritándote, facéndoche comentarios degradantes.
- . Culpabilízate de calquera problema.
- . Non respecta a túa opinión e impón sempre a del.
- . Ameázate e coaccíonate.

Violencia sexual

- . Obrígate a manter calquera tipo de relación sexual.
- . Impídete exercer a túa sexualidade libremente.
- . Acósate con insinuacións sexuais, incomodándote

Violencia social

- . Íllate do teu contornosocial.
- . Controla as túas relacións familiares e de amizade.
- . Controla e critica a túa forma de vestir.
- . Contrólache as chamadas e todas as actividades.
- . Humíllate e ponte en evidencia publicamente.

Violencia física

- . Empúrrate, golpéate, tírache dos pelos.

Ciberviolencia

- . Emprega as TIC's e as redes sociais como medio para facerche dano ou ter control sobre ti.
- . Exerce **Sextorsión**: chantaxéate por medio dunha imaxe de ti mesma espida que compartiches a través de internet mediante **sexting** (envío de fotos e/ou vídeos de contido sexual a través do teléfono móbil ou internet).
- . Usa medios telemáticos (internet, teléfonos móbiles, etc) para exercer acoso psicolóxico de xeito individual ou grupal: humillacións, ameazas, acoso, etc. É o denominado **Ciberbullying** e nel non intervén persoas adultas. Cando interveñen persoas adultas denomínase **Ciberacoso**.

- . Se persoas adultas realizan prácticas *on-line* para gañar a túa confianza finxindo empatía, cariño, etc, cun fin sexual. É o denominado **Grooming**

O ciclo da violencia de xénero: a dinámica habitual

As reaccións violentas non aparecen de forma imprevista, senón que forman parte dun longo proceso que acaba nunha pirámide de violencia sen retorno e que leva a un ciclo moi difícil de parar. O ciclo da violencia ten tres fases que se reiteran cada certo tempo intercalando períodos de violencia con períodos de afectos e arrepenimentos ou “lúa de mel pero onde cada vez son máis frecuentes os momentos de agresión e menos os de arrepenimentos.



Os tempos que transcorren entre cada fase do ciclo fanse cada vez máis curtos, polo que chegará un momento no que a repetición de todas as fases do ciclo poderán desenvolverse mesmo nun día ou en poucas horas.

Guía “Información xeral sobre violencia de xénero”. Concellería de Igualdade 2012


A escala da violencia de xénero: recurso divulgativo

Para os efectos de abordar o Programa “A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero” que nesta edición se propón, vaise empregar a proposta metodolóxica que presenta a socióloga e formadora de profesorado **Carmen Ruíz Repullo**. Nela simplifícase o complexo proceso da violencia de xénero na adolescencia nunha escala lineal, pero permite tratar pedagoxicamente a problemática de xeito que se achega á realidade xuvenil. O seu esquema, á súa vez, sopórtase sobre o esquema xeral da violencia contra as mulleres.


Escala cíclica da violencia de xénero na adolescencia



Esquema xeral da violencia



A HISTORIA DE PEPA E PEPE*



*Narración da historia:

- **Narración orixinal en YouTube:** <https://coleccion-feminista.com/videteca/ver/pepa-y-pepe-la-escalera-ciclica-de-la-violencia-de-genero-en-la-adolescencia-26056408>

- Texto da narración:

"Pepa e Pepe son unha parella de dezaseis anos que leva dúas semanas saíndo. Coñecéronse a través de amizades comúns de WhatsApp. Tanto ela coma el estudan e polo de agora vense os fins de semana pero manteñen o contacto nos seus teléfonos móbiles. Pepe envía cada vez máis WhatsApp a Pepa, pero estas mensaxes son cada vez menos cariñosas e máis controladoras: "Onde estás? Que fas? Con quen estás? A que hora nos atopamos?" (continúa)

<https://coleccion-feminista.com/noticias-sobre-feminismo/ver/la-historia-de-pepe-y-pepa-la-escalera-de-la-violencia-de-genero-f3e6d651>

- Ver máis recursos na bibliografía

PROPOSTA 1 PARA TRABALLAR NA AULA

No contexto do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, proponse:

1. Ver o vídeo da “Historia de Pepa e Pepe” ou ler o texto que o reproduce
2. Identificar por parellas o medo que experimenta tanto Pepa como Pepe en cada paso da escala
3. Propor como se podería cambiar cada unha das situacións vividas na relación de Pepa e Pepe para que ningún deles subise ese paso da escala (o esquema que se achega pode axudar)



A ESCALA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

4. Trasladar a todo o centro as aprendizaxes por medio dunha ambientación do espazo común na que se elabore unha carteleira que explique “A escala da violencia de xénero na adolescencia” e pautas para superala. Tamén se poden rotular as escaleiras do centro (ver modelo)



PROPOSTA 2 PARA TRABALLAR NA AULA

No contexto do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, propónse:

1. Ver o vídeo da “Historia de Pepa e Pepe” ou ler o texto que o reproduce
2. Analizar as consecuencias que teñen os celos entre as rapazas e os rapaces (ver dinámica adxunta*)
3. Reflexionar sobre a dificultade de acabar cos celos se non son recoñecidos e traballados

DINÁMICA:

Para levar a cabo esta dinámica dividiremos a clase en grupos dunhas catro ou cinco persoas, as rapazas por un lado e os rapaces polo outro. É importante que os grupos non sexan mixtos, xa que a experiencia das rapazas e rapaces pode ser diferente, nalgúns asuntos nos que traballamos.

Distribuiremos a folia "Escala de violencia" a cada grupo xunto cun grupo de tarxetas xa recortadas.

Cando os grupos xa están formados e se distribúe o material, explicamos o traballo para realizar. Deberían pensar, por grupos, situacións cotiás nas relacións de parella que implican formas de cortexo pouco saudables, por exemplo, podemos suxerir: controlar as amizades, controlar as redes sociais, prohibir certas pezas de roupa, forzar ou chantaxear para manter relacións sexuais ...

Cada unha destas situacións escribirase en cada unha das tarxetas. Cando se enchen todas as tarxetas, cada grupo colocará cada chanzo na tarxeta da escaleira. Debemos dicirlles que o primeiro chanzo da escaleira son as situacións cotiás menos perigosas e a medida que subimos avanzamos en relacións e situacións máis saudables.

Cando todos os grupos teñan deseñada a súa escala de violencia, xuntarémola. Para iso, debuxaremos unha escala no taboleiro cos mesmos pasos que a que proporcionamos. Nela escribiremos cada unha das situacións, así como a colocación dos pasos que determinou cada grupo. Seguramente haberá grupos que poñan unha situación no primeiro chanzo e outros no cuarto. Non importa, estamos recolléndoo mentres o expoñen.

Cando todos os grupos rematen de presentar o seu traballo, faremos unha análise de como foi a "escala da violencia" común, para iso avaliaremos as seguintes preguntas:

Que chanzos coinciden máis entre os grupos, é dicir, en que chanzos hai coincidencias nas situacións que xorden?

Que situacións se repetiron nos diferentes grupos?

Hai diferenzas entre as situacións das nenas e as dos nenos?

Son estas situacións cotiás nas relacións adolescentes?

Cando rematemos o debate levaremos a cabo unha "escala de violencia" con todo o grupo-clase. Para iso usaremos o cartón e trazaremos unha escala con tantos pasos como distintas situacións se expuxeron. Despois escribiremos cada unha destas situacións en cada chanzo desa escala, colocándoa na posición que o grupo considere conveniente.



Modelo escala para:
Grupo Rapazas
Grupo Rapaces

Modelo tarxeta

*Esta dinámica está baseada no traballo: "Abre los ojos. El amor no es ciego". Instituto Andaluz de la Mujer.

RECURSOS PARA CONSULTAR

Exposición “A violencia sexual na mocidade. Infórmate!”

Exposición que a Concellería de Igualdade pon á disposición de todos os centros de ensino da cidade. Consta de 10 paneis informativos que abordan que é a violencia sexual, tipos, as súas consecuencias, como pode axudar o grupo de iguais á persoa agredida e claves para unha convivencia en respecto, liberdade e igualdade.

Esta exposición itinerante está realizada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo Para solicitar a cesión temporal da exposición cómpre chamar ao 986 81 02 84.

Máis información en: www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude.php



“Datos e datos para lembrar en pé de igualdade... e non esquecer o resto do ano”

Manual da Concellería de Igualdade que trata as distintas conmemoracións escolares oficiais que se celebran ao longo do curso escolar elaborado con perspectiva de xénero por profesionais do ensino www.igualdadevigo.org/datasedatos



Guía “Conectamos ben? Mozos e mozas que se tratan ben e de = a =”

Guía da Concellería de Igualdade dirixida á mocidade, coa finalidade de promover o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: as redes sociais, o tempo de lecer coas amizades e no amor

http://www.igualdadevigo.org/?sec=publicaciones&id_noticia=409



“Adolescentes SIN Violencia de Género – aSINvg” – Laboramorio. Prevención en la adolescencia

Web da Asociación “No más violencia de género”, con recursos de interese e actualizados, entre eles “Laboramorio”.

<http://adolescentesinviolenciadegenero.com/laboramorio-prevencion-la-violencia-genero-la-adolescencia/>



“Educando en igualdad”. Materiais para traballar na aula

Web onde se recollen diversos monográficos relativos á educación en igualdade.

<http://www.educandoenigualdad.com/monograficos-educando-en-igualdad/>



“Coeducación en el aula”

Blog con recursos para traballar distintos temas de coeducación, cunha sección adicada á “Violencia de xénero” e os mitos do amor romántico. <http://miracoeduca.blogspot.com.es/search/label/VIOLENCIA%20DE%20G%C3%89NERO>



“Enrédate sin machismo”. <http://enredatesinmachismo.com/> Páxina con recursos para adolescentes:

- **Chequea tu relación: “Indicadores de una relación de dominio y control para chicas/chicos jóvenes”**
<http://enredatesinmachismo.com/wp-content/pdf/la-violencia-se-previene-desde-el-noviazgo-enredate-sin-machismo.pdf>
- **“App EsM”.** App para móbil que serve para chequear a relación de parella a través do xogo.
<http://enredatesinmachismo.com/app-para-smartphones/>



“Pillada por ti”.

Banda deseñada para a prevención da violencia de xénero. Dirixido a estudantes da ESO.

<http://www.msssi.gob.es/en/ssi/violenciaGenero/publicaciones/comic/home.htm>



“Mi novio me controla... lo normal”. De Ianire Estébanez (colaboradora habitual da Concellería de Igualdade)

Blog para rapazas confundidas polo amor que queren desconfundirse. <http://minoviomecontrola.blogspot.com.es/>



RECURSOS “A MOCIDADE VIGUESA CONTRA A ESCALA DA VIOLENCIA DE XÉNERO”

“La historia de Pepe y Pepa. La escalera de la violencia de género”. Colección Feminista. Blog de recursos.

<https://coleccion-feminista.com/noticias-sobre-feminismo/ver/la-historia-de-pepe-y-pepa-la-escalera-de-la-violencia-de-genero-f3e6d651>



“La construcción social de las relaciones amorosas y sexuales en la adolescencia: graduando

Violencias cotidianas”. Carmen Ruíz Repullo (2014), Diputación provincial de Jaén

<https://www.dipujaen.es/export/sites/default/galerias/galeriaDescargas/diputacion/dipujaen/igualdad-bienestar-social/centro-documental/LE-9 - La construccion social de la relaciones sexuales y amorosas en la adolescencia.pdf>

Ponencia no CEP de Orquera (en YouTube):

<https://www.youtube.com/watch?v=i1guBOph8J8>



“Abre los ojos: el amor no es ciego”. Carmen Ruíz Repullo (2009), Instituto Andaluz de la Mujer

<http://www.juntadeandalucia.es/iam/catalogo/doc/iam/2009/28777.pdf>



Relatorio “Como abordar la violencia de género en adolescentes”. YouTube dirixida a persoas adultas

<https://www.youtube.com/watch?v=2eVYoC3kwFs>



ACTUACIÓN 2020: PROPOSTAS E CALENDARIO

As propostas que se realizan de seguido teñen como obxecto proporcionar recursos educativos no seo da programación do centro co gallo do **25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres**. Ao igual que en edicións anteriores, e dado o contido proposto, vai dirixida preferentemente ao alumnado dende 3º da ESO ata bacharelato/formación profesional.

Tamén se propoñen actividades que formarán parte das accións de sensibilización que o Concello de Vigo ten previsto realizar o propio día 25 de novembro, nesta ocasión en versión virtual dadas as restricións sanitarias existentes derivadas da Covid-19.

1. ACTIVIDADES NA AULA E EXPOSICIÓN COLECTIVA

“A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero”: actividades

- **REALIZACIÓN DE DINÁMICAS NA AULA.** Sobre a base do material que se achega no dossier ou dos recursos na rede, hai que facer na aula un **exercicio de identificación e pautas de resposta** á “Escala da violencia de xénero na adolescencia”.
- **CREACIÓN DE SLOGANS PARA PARTICIPAR EN ENLAZAVIGO** (para inscribirse **ATA 30 DE OUTUBRO**). Trátase de que o alumnado propoña **slogans que denuncien as situacións comentadas nas dinámicas da aula** (p.e: nunca máis revisas o meu teléfono, etc). Dadas as limitacións derivadas da Covid-19, nesta edición non habería que materializalo en ningún soporte.
O centro propondrá 3 slogans (DATA TOPE: 11 DE NOVIEMBRE) e a Secretaría Técnica de EnlazaVigo seleccionará un slogan de cada centro participante co criterio de cubrir os distintos pasos da escala.
A maquetación realizada pola secretaria técnica será enviada ao centro para empregar nunha DINÁMICA DO EVENTO VIRTUAL DO 25N, así como empregala na EXPOSICIÓN COLECTIVA NA RÚA.
- **AMBIENTACIÓN ALUSIVA AO PROGRAMA NO CENTRO.** A partir do traballo sobre a “A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero na adolescencia”, cabería **ambientar o centro cos contidos tratados** (p.e: cartelería explicativa, decoración das escaleiras, etc). Ver o exemplo proposto na ficha da “Proposta 1 para traballar na aula”.
- **PARTICIPACIÓN NA GRAVACIÓN DO VÍDEO COLABORATIVO “A HISTORIA DE PEPA E PEPE”** (para inscribirse **ATA 30 DE OUTUBRO, máximo 10 centros**). A narración contaría coa participación de 2 alumnas ou 1 alumna e 1 alumno, segundo as esixencias do guión e os requirimentos que serán necesarios (espazo onde realizarse, vestimenta, etc), e que serán comunicados o máis axiña posible.
A gravación no centro tería lugar entre o 2 e o 13 de novembro. O vídeo resultante proxectarase no EVENTO VIRTUAL DO 25N e difundirase nas redes sociais como elemento de sensibilización.

Exposición colectiva no paseo peonil do Calvario (25-30 NOVIEMBRE)

- Con todos os slogans seleccionados organizarase unha **Exposición colectiva**, que se localizará no paseo peonil do Calvario **dende o mércores 25 de novembro ata o luns 30 de novembro.**

2. EVENTO VIRTUAL (mércores, 25 novembro, 11:10-12:00)

Programa do evento (retransmitido en directo por streaming en aberto)

- Benvinda institucional, dende o Auditorio Municipal e con presenza de representantes dos equipos directivos do centros (confirmación previa por protocolos covid-19)
- Proxección do vídeo colaborativo
- Entrada en directo das aulas participantes (1 aula por centro), dando a coñecer o slogan seleccionado
- Presentación do “Tapiz virtual EnlazaVigo 2020: A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero”. Consistiría na localización do centro cunha pica en Google Maps coa foto da maquetación do slogan.

Participación no evento virtual (para inscribirse **ATA 30 DE OUTUBRO**). Enviaranse instrucións previamente ao evento virtual.

PARA PARTICIPAR CUBRIR A FICHA QUE SE ACHEGA ANTES DO 30 OUTUBRO

Máis info: Secretaría Técnica | 631179252 | enlazavigo@gmail.com